



RESUMO DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE NON UNIVERSITARIO DO 19 DE MAIO DE 2021.

Sendo as 10,30 horas, reúnese a Permanente da Xunta de Persoal Docente non Universitario da provincia de Lugo.

Asisten: STEG, CIG, CCOO, FETE-UXT, ANPE e CSI-f e incorpórase no comezo da reunión a Inspectora Xefa da Xefatura Territorial de Educación.

1. Atención preferente

Comenta a Inspectora xefa que están estudando a prórroga daqueles nomeamentos que foron por concurso específico hai dous cursos, sempre que non remate a etapa o alumnado ou non pasen dos 7 anos nesta situación. A este respecto, lembra os pasos a dar para aqueles centros que xulguen necesario aspirar á concesión desta atención: informe favorábel do EOE, informe favorábel da inspección do centro, previo informe da titoría, Orientación e Dirección do centro).

No tocante ás novas solicitudes, están chegando e valoraránse as peticións destas vacantes.

A Inspectora Xefa comenta que a Orde de atención á diversidade non sabe cando se publicará, ao igual cá convocatoria destas prazas de atención de alumnado preferente.

O STEG manifesta e defende a necesidade de manter os desdobramentos, alí onde se realizaron, cara o curso que vén, dado o incerto da situación e todos os incidentes que conlevou a pandemia no tocante ao normal desenvolvemento dos cursos escolares.

2. Centro Santo Anxo

Existe preocupación pola baixa matrícula do centro cara o curso que vén e a posibilidade de que este feito derive na súa posterior privatización.

A Inspectora Xefa comenta que se disporá profesorado se hai alumnado abondo.

O STEG propón que a Xunta de Persoal inste a Xefatura Territorial a interesarse pola información ao respecto que lle poida facilitar Políticas Sociais ou Interior ao respecto das previsións de alumnado doutros puntos do país para recalar neste centro. **Acórdase solicitalo por unanimidade.**

3. Xubilacións

A Inspectora Xefa comenta que se mandarán as xubilacións en breve e os avisos correspondentes, se os houber, das modificacións que sufran.

Antes de que abandone a reunión a Inspectora Xefa, o STEG interésase directamente polas seguintes cuestións:

- Dado que no comezo de curso se lle denegou ao ciclo de Hostalaría do IES Sanxillao o uso das instalacións que anteriormente usaba Aspnaís –naquel momento, Políticas Sociais comunicoulle á Xefatura que se ían destinar a outras asociacións-, o STEG pregunta se esta Xefatura ten constancia de que as instalacións fosen finalmente usadas por alguén. Coméntase que, durante o inverno, foron adxudicadas para o uso por parte de AFALU e ALUME.

- O STEG informa a Xunta de Persoal e a Inspectora Xefa dunha sentenza xudicial favorábel a unha traballadora sobre a non concesión no seu día dunha prórroga por conciliación da vida familiar e laboral, precisando que a mesma resultou totalmente estimatoria dos motivos expostos pola interesada e, por tanto, contraria á denegación e proceder ao respecto que esta recibiu sucesivamente por parte de Recursos Humanos, a Inspección Médica, a Xefatura Territorial, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería e o propio Conselleiro, quen finalmente non recibiu a interesada nin tivo en conta as argumentacións que agora a xustiza si ten en conta, resolvendo favorábelmente, condenando a Consellería a pagar as custas do xuízo e á concesión da prórroga. Coméntase tamén que a sentenza, que aínda non é firme, seráo o vindeiro día 28 de maio e o STEG pregúntase se a mesma non debera facer reflexionar a Xefatura e os correspondentes órganos e persoas implicadas nestas decisións, sobre a conveniencia de tratar algo mellor as súas traballadoras, especialmente aquelas en situacións máis sensíbeis, pois xa non é a primeira vez que a xustiza chama a atención sobre o proceder errático da Consellería ao respecto.

A Inspectora Xefa abandona a reunión.

4. Coméntase a resposta da Subdelegación de Goberno ao respecto da intervención dun axente da Garda Civil nos primeiros días de marzo no IES de Cervo, informando que este facía parte da comisión de convivencia municipal e que tiña fillos no centro, o que tería motivado as súas frecuentes visitas ao mesmo. O centro xa adoptou medidas ao respecto, á fin de xestionar as entradas e saídas de persoal alleo ao centro no horario lectivo, no camiño de evitar situacións como as que se deron.

5. Comisión de escolarización

Acórdase, tal como se fixera hai 2 anos, seguir de xeito rotatorio, nomeando desta volta a Mercedes de ANPE, consonte á representatividade na XP, logo de CIG, que comezou a quenda no seu día, en atención aos resultados electorais.

Sen outro particular, remata a reunión sendo as 13 horas.